

## EXECUCIÓN FINANCEIRA 2007-2011 DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS  
Xunta de Galicia

*Recibido:* 3 de xullo de 2012

*Aceptado:* 31 de xullo de 2012

---

**Resumo:** O Programa Operativo (PO) FEDER Galicia 2007-2013, que se inscribe no contexto do Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013, foi aprobado pola Comisión Europea no marco do Obxectivo Convergencia de España a través da Decisión da Comisión de 30 de novembro de 2007, C(2007) 6079, cunha axuda comunitaria de 2.191 millóns de euros, modificada pola Decisión da Comisión de 27 de marzo de 2012, C(2012) 1621 final. As súas liñas estratéxicas foron elaboradas pola Xunta de Galicia en colaboración cos interlocutores económicos e sociais e coas autoridades locais, nacionais e da UE. A execución financeira acumulada do período 2007-2011 alcanza 1.027,50 millóns de euros. Tamén se detallan as principais accións de publicidade e información e as boas prácticas levadas a cabo no ano 2011.

**Palabras clave:** PO FEDER Galicia 2007-2013 / Obxectivo converxencia / Execución financeira período 2007-2011 / Accións de publicidade e información e boas prácticas FEDER do ano 2011.

### FINANCIAL EXECUTION 2007-2011 FEDER GALICIA'S OPERATIVE PROGRAM 2007-2013

**Abstract:** The FEDER Galicia's Operative Program (OP) 2007-2013, which is inscribed in the Galician Economic Convergence Strategic Mark 2007-2013 context, was approved by the European Commission in the Spanish Convergence Objective framework through November 30<sup>th</sup>, 2007 Commission Decision, C(2007) 6079, with a 2.191 million euro community help, modified by the March 27<sup>th</sup>, 2012 Commission Decision, C(2012) 1621 final. Its strategic lines were elaborated by the Xunta de Galicia in collaboration with economic and social interlocutors and with the local, national and the EU authorities. The 2007-2011 period financial accumulated execution amounts 1.027,50 million euro. The main publicity and information actions are also detailed, as well as good actuation done in 2011.

**Keywords:** FEDER Galicia's OP 2007-2013 / Convergence objective / Financial execution period 2007-2011 / Publicity and information actions and good actuations FEDER 2011.

---

## 1. O PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

O Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 ten carácter rexional e está xestionado conxuntamente pola Administración Xeral do Estado (AXE) e pola Xunta de Galicia a través de sete eixes prioritarios de intervención. O seu obxectivo é apoiar o desenvolvemento económico sostible e integrado a través de actuacións de modernización das estruturas económicas e da creación e preservación do emprego de calidade. O investimento total en Galicia en termos de custo total é de 2.739,4 millóns de euros, dos que 2.191,5 millóns de euros corresponden á axuda comunitaria.

Cómpre destacar que no contexto de financiamento europeo para o período 2007-2013, Galicia, polas súas características territoriais e económicas, se inscribe dentro do Obxectivo Convergencia. Enfróntase, polo tanto, a un momento clave para reorientar a súa estratexia cara á promoción dos factores de desenvolvemento li-

gados ás directrices comunitarias de renovar as bases da competitividade, de aumentar o potencial de crecemento e da produtividade, e de reforzar a cohesión social a través do coñecemento, da innovación e da valorización do capital humano.

Neste sentido, o PO FEDER Galicia 2007-2013 configúrase como unha intervención que impulsa o desenvolvemento no contexto de crecemento e emprego fixado pola Unión Europea no marco da estratexia establecida no Cumio de Lisboa do ano 2000 e relanzada no ano 2005, contribuíndo á vez á aplicación da Estratexia Europa 2020 na rexión e ao cumprimento dos seus obxectivos no medio e no longo prazo.

Os organismos intermedios que participan na execución do programa relaciónanse no cadro 1.

**Cadro 1.- Organismos intermedios executores do PO FEDER Galicia 2007-2013**

DX de Estradas (Ministerio de Fomento)	Aguas de las Cuencas del Norte, SA
Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (MINETUR)	Organismo Autónomo Parques Nacionais
DX de Industria e da Peme (Industria) (MINETUR)	DX da Auga (MAGRAMA)
Concello de Culleredo	Confederación Hidrográfica del Cantábrico (MAGRAMA)
Concello de Vilagarcía de Arousa	DX de Comercio Interior (MINECO)
Concello de Carballo	DX de Industria e da Peme (Pemes) (MINETUR)
Concello de Cambre	Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, SX de Incentivos Rexionais
Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES)	TURESPAÑA. Instituto de Turismo de España (MINETUR)
Concello da Estrada	Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)
Deputación da Coruña	Aeropostos Españois e Navegación Aérea (Ministerio de Fomento)
Concello de Redondela	Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)
Deputación de Pontevedra	Sociedade Estatal de Infraestrutura de Transporte Terrestre (SEITT)
Deputación de Lugo	Entidade Pública Empresarial RED.ES (MINETUR)
Concello de Narón	Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) (MINECO)
Concello de Ribeira	Xunta de Galicia
Concello de Marín	Concello da Coruña
Deputación de Ourense	Concello de Ferrol
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	Concello de Santiago de Compostela
DX de Sostibilidade da Costa e o Mar (MAGRAMA)	Concello de Lugo
DX de Medio Natural e Política Forestal (MAGRAMA)	Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación
Aguas del Norte, SA	Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (INCYDE)

En termos de axuda programada, a Xunta de Galicia participa na xestión do programa cun importe de 1.016 millóns de euros, que supón un 46,36%, mentres que a Administración do Estado (AXE) achega a cantidade de 1.175,5 millóns de euros, que representa o 53,6% do total.

O importe acumulado executado no período 2007-2011 é de 1.027,50 millóns de euros, que representa o 37,5% do gasto programado en custo total no período 2007-2013.

A continuación expónse o detalle das finalidades de cada un dos eixes e a súa execución financeira no período acumulado 2007-2011 por temas prioritarios, sinalando tamén as actuacións destacadas de publicidade e información e as boas prácticas levadas a cabo no ano 2011.

### 1.1. EIXE 1: DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO (I+D+I, SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E TIC)

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 1: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO (I+D+I, SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E TIC)				
	Tema prioritario	Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013
1	Actividades de I+DT en centros de investigación	48.844.633,00	12.682.482,39	25,96
2	Infraestruturas de I+DT (incluídas instalacións, instrumentos e redes informáticas de alta velocidade para a conexión de centros de investigación) e centros de cualificación nunha tecnoloxía específica	19.220.975,00	5.324.092,95	27,70
3	Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (pemes), así como entre estas e outras empresas e universidades, centros de ensino post-secundario de todo tipo, autoridades rexionais, centros de investigación e enclave	10.951.913,00	1.355.802,43	12,38
7	Investimento en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc.)	39.054.472,00	16.070.832,34	41,15
10	Infraestruturas telefónicas (incluídas redes de banda ancha)	33.706.647,00	15.392.313,62	45,67
11	Tecnoloxías da información e a comunicación (acceso, seguridade, interoperabilidade, prevención de riscos, investigación, innovación, contido electrónico, etc.)	22.243.850,00	8.415.237,94	37,83
13	Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, Administración Pública, formación, inclusión, etc.)	84.774.385,00	33.356.777,01	39,35
14	Servizos e aplicacións para as pemes (comercio electrónico, ensino e formación, establecemento de redes, etc.)	8.502.059,00	991.661,95	11,66
Total Eixe 1		267.298.934,00	93.589.200,63	35,01

O Eixe 1 ten como finalidades as seguintes: fortalecer a competitividade das empresas galegas, apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico

(I+DT); fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas; estender e difundir as tecnoloxías da información e das comunicacións; e desenvolver novos servizos de cara á modernización administrativa.

O total programado no Eixe 1 para o período 2007-2013 é de 267,3 millóns de euros, que representa o 9,8% do total do PO.

O tema prioritario 13 “Servizos de aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, Administración Pública, formación, inclusión, etc.)”, con 84,8 millóns de euros, é o que ten a programación maior dentro dos oito que conforman este eixe no período 2007-2011; séguese o tema prioritario 1 “Actividades de I+DT en centros de investigación”, con 48,8 millóns de euros; e o tema prioritario 7, vinculado co investimento en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación, con 39 millóns de euros.

A execución financeira acumulada do Eixe 1 no período acumulado 2007-2011 é de 93,6 millóns de euros, que representa o 35% do total programado no período 2007-2013.

Destacan pola súa alta execución no período 2007-2011 o tema prioritario 10 “Infraestruturas telefónicas (incluídas redes de banda ancha)”, co 45,67%; e o tema prioritario 7 “Investimento en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc.), cunha execución do 41,15% do total do período.

## 1.2. EIXE 2: DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 2: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL			
Tema prioritario	Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013
6 Axudas ás pemes para o fomento da utilización de produtos e procesos de produción que respecten o medio ambiente (introdución de sistemas eficaces de xestión ambiental, adopción e utilización de técnicas anticontaminantes e integración de técnicas limpas nos sistemas de produción das empresas)	21.118.263,00	171.754,66	0,81
8 Outros investimentos en empresas	323.570.060,00	34.112.775,73	10,54
9 Outras medidas destinadas a fomentar a investig. e a innovación e o espírito empresarial nas pemes	107.432.102,00	33.887.182,33	31,54
Total Eixe 2	452.120.425,00	68.171.712,72	15,08

As actuacións previstas no Eixe 2 teñen como principais destinatarios as pemes, e perseguen fortalecer a competitividade das empresas, fomentando a innovación empresarial e impulsando a iniciativa cara á produción, difusión e utilización de

novos coñecementos; impulsar a proxección internacional do tecido produtivo e mellorar o seu acceso ao financiamento; impulsar o crecemento e consolidación das pemes, incrementando a súa capacidade de innovación e a transferencia de coñecementos; e fomentar un desenvolvemento máis equilibrado entre as zonas costeiras e o interior, e contribuír á cohesión económica e social de Galicia.

O total programado no Eixe 2 para o período 2007-2013 alcanza o importe de 452,1 millóns de euros, que representa o 16,5% do total do PO.

O tema prioritario 8 “Outros investimentos en empresas”, con 323,6 millóns de euros, é o que ten a programación maior dentro dos tres que conforman este eixe no período 2007-2013.

A execución financeira acumulada do Eixe 2 no período acumulado 2007-2011 é de 68,2 millóns de euros, que supón o 15,1% do total programado para o período 2007-2013.

Destaca pola súa alta execución no período 2007-2011 o tema prioritario 9 “Outras medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación e o espírito empresarial nas pemes”, que representa o 31,5% do total programado para o período 2007-2013.

### 1.3. EIXE 3: MEDIO AMBIENTE, CONTORNA NATURAL, RECURSOS HÍDRICOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 3: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

MEDIO AMBIENTE, CONTORNA NATURAL, RECURSOS HÍDRICOS E PREVENCIÓN DE RISCOS				
Tema prioritario	Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013	
44	Xestión de residuos domésticos e industriais	33.386.651,00	1.483.544,71	4,44
45	Xestión e distribución da auga (auga potable)	77.773.339,00	23.744.276,63	30,53
46	Tratamento da auga (augas residuais)	314.769.170,00	87.860.367,39	27,91
47	Calidade do aire	7.951.294,00	0,00	0,00
48	Prevenición e control integrados da contaminación	7.781.071,00	837.231,24	10,76
50	Rehabilitación de zonas industriais e terreos contaminados	2.234.270,00	181.554,96	8,13
51	Fomento da protección da biodiversidade e da natureza (incluído o Programa Natura 2000)	136.577.591,00	35.402.374,51	25,92
53	Prevenición de riscos (incluídas a elaboración e aplicación de plans e medidas para prever e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos)	22.646.036,00	535.535,60	2,36
55	Fomento da riqueza natural	4.718.454,00	0,00	0,00
Total Eixe 3		607.837.876,00	150.044.885,04	24,69

Os obxectivos principais do Eixe 3 son os seguintes: reforzar o potencial ambiental de Galicia como vehículo para o desenvolvemento económico sostible; establecer mecanismos de alerta e prevención fronte aos riscos ambientais; satisfacer

as necesidades actuais en materia de saneamento e depuración de augas residuais; mellorar o abastecemento de auga á poboación, garantindo a dispoñibilidade de recursos hídricos en cantidade e calidade axeitadas; e o acondicionamento e a recuperación de espazos e solos contaminados e a conservación da biodiversidade.

O total programado no Eixe 3 para o período 2007-2013 é de 607,8 millóns de euros, que representa o 22,2% do total programado do PO.

O tema prioritario 46 “Tratamento da auga (augas residuais)”, con 314,77 millóns de euros, é o que ten a programación maior dentro dos nove que conforman este eixe no período 2007-2013. A continuación destaca o tema prioritario 51 “Fomento da protección da biodiversidade e a natureza” (incluído o Programa Natura 2000), con 136,6 millóns de euros de programación.

A execución financeira acumulada do Eixe 3 no período 2007-2011 é de 150 millóns de euros, o que supón o 24,7% do total programado no período 2007-2013.

Destacan pola súa alta execución os temas prioritarios 45 “Xestión e distribución da auga (auga potable)”, co 30,53%, e o tema prioritario 46 “Tratamento da auga (augas residuais), co 27,91% do total programado.

#### 1.4. EIXE 4: TRANSPORTE E ENERXÍA

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 4: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

TRANSPORTE E ENERXÍA				
Tema prioritario		Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013
17	Servizos ferroviarios (RTE-T)	251.456.215,00	0,00	0,00
20	Autoestrada	146.045.906,00	127.425.413,98	87,25
21	Autoestrada (RTE-T)	217.986.316,00	222.202.003,24	101,93
22	Estradas nacionais	45.549.459,00	43.623.028,85	95,77
23	Estradas rexionais/locais	145.648.582,00	100.020.178,05	68,67
25	Transporte urbano	8.034.123,00	3.036.371,37	37,79
26	Transporte multimodal	35.129.201,00	6.548.640,03	18,64
29	Aeropostos	84.828.934,00	88.900.356,53	104,80
30	Portos	18.880.189,00	10.733.103,93	56,85
33	Electricidade	29.349.561,00	3.177.298,35	10,83
35	Gas natural	2.811.947,00	0,00	0,00
37	Produtos derivados do petróleo	2.811.945,00	0,00	0,00
40	Energías renovables: solar	18.581.414,00	11.149.756,07	60,00
41	Energías renovables: biomasa	15.567.850,00	5.399.107,90	34,68
43	Eficacia enerxética, coxeneración e xestión enerxética	17.497.476,00	11.376.349,41	65,02
52	Fomento do transporte urbano limpo	31.603.895,00	4.378.098,57	13,85
Total Eixe 4		1.071.783.013,00	637.969.706,28	59,52

A través do Eixe 4 perséguese mellorar a accesibilidade do territorio galego, especialmente por estrada e por vía férrea de altas prestacións; continuar fomentando

a creación e produción de enerxías de fontes sostibles e mellorar a eficiencia enerxética; o desenvolvemento da náutica deportiva nos pequenos portos da Comunidade; e impulsar o aproveitamento das tecnoloxías de enerxía solar e biomasa.

O total programado no Eixe 4 para o período 2007-2013 é de 1.071,8 millóns de euros, que representa o 39,1% do total programado do PO.

Os temas prioritarios 17 “Servizos ferroviarios”, 21 “Autoestradas (RTE-T)” e 20 “Autoestrada” con 251,5, 218 e 146 millóns de euros, respectivamente, son os que teñen as programacións maiores dentro dos dezaseis que conforman este eixe no período 2007-2013.

A execución financeira acumulada do Eixe 4 no período 2007-2011 foi de 638 millóns de euros, que representa o 59,5 % do total programado no período 2007-2013.

Pola súa alta execución destacan os temas prioritarios 29 “Aeroportos”, 21 “Autoestrada (RTE-T)” e 22 “Estradas nacionais”, que representan, respectivamente, o 104,8%, o 101,9% e o 95,8% do programado para todo o período.

#### 1.5. EIXE 5: DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 5: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO				
Tema prioritario		Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013
56	Protección e desenvolvemento do patrimonio natural	35.829.570,00	13.602.608,54	37,96
57	Outras axudas para mellorar os servizos turísticos	44.978.026,00	2.862.732,05	6,36
58	Protección e conservación do patrimonio cultural	28.612.699,00	3.491.882,75	12,20
59	Desenvolvemento da infraestrutura cultural	13.895.108,00	5.090.970,58	36,64
61	Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural	166.064.537,00	34.085.060,66	20,53
Total Eixe 5		289.379.940,00	59.133.254,58	20,43

No Eixe 5 do Programa Operativo preténdese o seguinte: o desenvolvemento de actuacións integrais de rexeneración urbana nas cidades galegas; impulsar a rexeneración económica, o reequilibrio territorial da rexión e potenciar a actividade económica ligada aos recursos endóxenos, especialmente na contorna rural; fomentar o espírito empresarial entre a poboación co fin de reducir os niveis de éxodo rural e a adaptación desta contorna ás novas demandas da economía globalizada; e o impulso da política de cohesión comunitaria e da creación de mecanismos de enlace e sinerxías entre formación, investigación e sector privado.

O total programado no Eixe 5 para o período 2007-2013 é de 289,4 millóns de euros, que representa o 10,6% do total programado do PO.

O tema prioritario 61 “Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural” é o que ten unha programación máis alta, con 166,1 millóns de euros, dentro dos cinco pertencentes a este eixe.

A execución financeira acumulada do Eixe 5 no período 2007-2011 foi de 59,1 millóns de euros, que supón o 20,4 % do total programado no período 2007-2013.

Destacan pola súa alta execución no período 2007-2011 o tema prioritario 56 “Protección e desenvolvemento do patrimonio natural”, co 37,96 %; e o tema prioritario 59 “Desenvolvemento da infraestrutura cultural”, co 36,64% do total programado.

### 1.6. EIXE 6: INFRAESTRUTURAS SOCIAIS

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 6: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

INFRAESTRUTURAS SOCIAIS				
	Tema prioritario	Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013
75	Infraestruturas en materia de educación	23.617.477,00	12.962.438,42	54,88
76	Infraestruturas en materia de saúde	3.311.842,00	0,00	0,00
77	Infraestruturas en materia de coidado de nenos	8.852.347,00	2.933.576,08	33,14
79	Outras infraestruturas sociais	8.852.349,00	1.529.914,39	17,28
Total Eixe 6		44.634.015,00	17.425.928,89	39,04

As finalidades deste eixe son as seguintes: aumentar as prazas de garderías públicas e doutras infraestruturas para persoas dependentes e en risco de exclusión, que afecta en maior medida ás mulleres, especialmente ás que se atopan en peores condicións laborais; ampliar a dotación de infraestruturas educativas e contribuir á mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres; promover a conciliación da vida laboral e familiar; incrementar os centros de acollida para mulleres vítimas de violencia doméstica cun enfoque máis integrador; e fomentar a creación de centros de apoio para todos aqueles colectivos desfavorecidos (discapacitados, inmigrantes, menores con problemas sociais, drogodependentes, etc.).

O total programado no Eixe 6 para o período 2007-2013 é de 44,6 millóns de euros, que representa o 1,6% do total programado do PO.

O tema prioritario 75 “Infraestruturas en materia de educación” é o que ten a programación máis alta deste eixe para o período 2007-2013, con 23,62 millóns de euros.

A execución financeira do Eixe 6 no período 2007-2011 foi de 17,4 millóns de euros, que representa o 39 % do total programado no período 2007-2013.

Destacan pola súa alta execución os temas prioritarios 75 “Infraestruturas en materia de educación”, co 54,88%; e 77 “Infraestruturas en materia de coidado de nenos”, co 33,14%.



**1.7. EIXE 7: ASISTENCIA TÉCNICA E REFORZO DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL**

PO FEDER Galicia 2007-2013. Eixe 7: Execución financeira do período 2007-2011 (en euros)

ASISTENCIA TÉCNICA E REFORZO DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL				
	Tema prioritario	Programado 2007-2013	Pagamentos executados 2007-2011	% pagamentos 2007-2011 s/progr. 2007-2013
85	Preparación, execución, seguimento e inspección	3.188.145,00	264.757,71	8,30
86	Avaliación e estudos; información e comunicación	3.188.145,00	902.170,55	28,30
Total Eixe 7		6.376.290,00	1.166.928,26	18,30

As actuacións que se levan a cabo neste eixe teñen como obxectivo reforzar as actividades administrativas de programación, seguimento, avaliación, xestión, certificación e de comunicación e publicidade.

O total programado no Eixe 7 para o período 2007-2013 é de 6,4 millóns de euros, que representa o 0,2% do total programado do PO.

Ambos os dous temas prioritarios deste eixe teñen o mesmo importe de programación no período 2007-2013.

A execución financeira acumulada do Eixe 7 no período 2007-2011 foi de 1,16 millóns de euros, que supón o 18,30 % do total programado do período 2007-2013.

O tema prioritario 86 “Avaliación e estudos; información e comunicación” presenta a execución máis alta dos dous, co 28,30% sobre o total programado no período 2007-2013.

**2. ACTUACIÓNS DESTACADAS DE PUBLICIDADE E INFORMACIÓN NO ANO 2011**

Neste período de programación dos Fondos Estruturais 2007-2013 a Unión Europea e as rexións de Europa desexan impulsar desde unha responsabilidade compartida a comunicación e a información entre as institucións europeas e os seus cidadáns.

De acordo con este enfoque elaborouse a Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos Fondos Estruturais 2007-2013 en Galicia e o Plan de Comunicación do PO FEDER Galicia 2007-2013, que establece as medidas de información e publicidade que se deben ter en conta para unha maior notoriedade das actuacións da Unión Europea na nosa rexión.

En coherencia co cumprimento das obrigas de información e publicidade comunitarias establecidas no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, e no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006, realizáronse diversas accións FEDER de publicidade e información en Galicia, entre as que destacan as que sinalamos a continuación:

- a) Campaña de publicidade e difusión do PO FEDER Galicia 2007-2013 para o ano 2011 (imaxes 1 e 2).
- b) Elaboración do número 7 da revista de política rexional europea *Ultreia* dedicada ao Día de Europa (imaxe 3).
- c) Realización de cursos, xornadas e seminarios, como as dúas edicións do *Curso de Xestión dos Fondos Comunitarios*, que tivo lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), coordinado por representantes da DX de Planificación e Fondos e da SX da Igualdade; a *Xornada de Formación Transfronteiriza para Proxectos Aprobados na 2ª Convocatoria do PO Cooperación Transfronteiriza (POCTEP) 2007-2013, Área de Galicia-Norte de Portugal en Pontevedra*, que tivo lugar o 25 de maio de 2011; a *IV Reunión Plenaria da RED de Políticas de Igualdade nos Fondos Estruturais e de Cohesión 2007-2013*, que tivo lugar en Santiago de Compostela os días 17 e 18 de novembro de 2011; e outros actos celebrados polos distintos órganos xestores do FEDER da Xunta de Galicia, entre os que destaca a inauguración de trece novas aulas CeMIT en distintos concellos de Galicia (Ortigueira, Castro Caldelas, Pontedeume, Noia, Fisterra, Viana do Bolo, Padrón, Verín, Barreiros, Santiago, Bande, Boiro e Chapelá) e a presentación de proxectos de varios portos de Galicia.
- d) Publicación do volume 20 da *Revista Galega de Economía* correspondente ao ano 2011, con dous números ordinarios máis outro monográfico extraordinario dedicado as *Políticas comunitarias no período 2014-2020: dinámica demográfica, calidade de vida e desenvolvemento sostible. Galicia e Europa cara ao ano 2020* (imaxe 4).

**Imaxe 1.-** Campaña Europa é futuro! nas infraestruturas



**Imaxe 2.-** Campaña *Europa é futuro!* na tecnoloxía



**Imaxe 3.-** Número 7 da revista *Ultréia*



**Imaxe 4.-** Volume 20, número extraordinario da *Revista Galega de Economía*



- e) Entre as publicacións dos diferentes xestores do FEDER da Administración autonómica galega, encóntranse as seguintes:
- A edición de folletos explicativos sobre as liñas de axuda para o aforro e a eficiencia enerxética e outros folletos sobre enerxías renovables (imaxe 5).
  - Folletos sobre as aulas CeMIT, sobre catálogo de actividades, sobre creación de webs para dispositivos móbiles.
  - O folleto da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Illa de Sálvora, no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.
  - Un despregable informativo dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) da Costa Ártabra e de Ortigueira-Mera, na Coruña.

Imaxe 5.- Folleto de eficiencia enerxética



### 3. BOAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN E DE COMUNICACIÓN FEDER NO ANO 2011

As actuacións relacionadas a continuación foron consideradas no ano 2011 como boas prácticas e seleccionáronse tendo en conta o cumprimento dos criterios recollidos na *Guía metodolóxica de seguimento e avaliación dos planes de comunicación do FEDER, Fondo de Cohesión e FSE 2007-2013*:

- a) Boas prácticas de xestión FEDER 2011 en Galicia: a renovación do CEIP Mestre Martínez Alonso (Mos), os colectores xerais e a nova EDAR de Carral (Carral e Abegondo), a ampliación do porto de Brens (Cee) (imaxe 6); as axudas ao investimento dos pequenos establecementos para a mellora das condicións estéticas do exterior dos seus negocios e para investimentos en novas actividades económicas (Lugo); a ampliación da plataforma de aparcadoiro de aeronaves (aeroporto de Santiago de Compostela); a rehabilitación integral da praza de San Marcos e da súa contorna (Lugo); a campaña de sensibilización contra a violencia de xénero *Un lazo, un compromiso: IMPLICA-T*; a xornada interxeracional na residencia de anciáns Porta do Camiño (Concello de Santiago de Compostela); ou a Rede CeMIT de telecentros de comunicación (Xunta de Galicia).
- b) Boas prácticas de comunicación FEDER 2011 en Galicia: o vídeo de difusión dos Fondos Estruturais en Galicia 2011 (Xunta de Galicia); a campaña de comunicación FEDER 2011 (Xunta de Galicia); o díptico do ADIF *Como contribúe a UE ao desenvolvemento da alta velocidade española?*; os soportes web que favorecen a difusión do proxecto *URBANA-C* (Concello da Coruña); a campaña de promoción turística de Galicia *Gárdasme o segredo?* (imaxe 7); a



campaña de comunicación *COMPRAR-T UN XOGUETE* (Concello de Santiago de Compostela); a campaña de dinamización de espazos públicos *Ferrol é diversión* (Concello de Ferrol); o programa de coidadores/as non profesionais *Coida dos teus... coida de ti* (Concello de Ferrol); a campaña *Comecemos ben o día – Ferrol Urban en bici* (Concello de Ferrol); a campaña *Nadal urban* (Concello de Ferrol), a segunda marcha por Europa e a carreira por Europa *Ferrol por Europa* (Concello de Ferrol); e a información turística a través de paneis, planos e vídeos (Concello de Lugo).

**Imaxe 6.-** Ampliación do porto de Brens (Cee)



**Imaxe 7.-** Campaña *Gárdasme o segredo?*

